

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día cinco de febreiro de 2025, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Secretaria Xeral do Pleno dona Ana María Rivas García en substitución do vicesecretario accidental e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenza urbanística para construción de edificio para central de biomasa e execución da rede de tubaxes para dar servizo de calefacción e auga quente a diversos edificios do Campus de Lugo da USC (expte: 2024/Y001/000092).

Acórdase a concesión da licenza urbanística para construción de edificio na praza Aviador Parga Cerezo, esquina R/Jacinto. (expte: 2023/Y001/000194).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da subministración dunha carpa na praza maior para a celebración de actividades do Entroido 2025 e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2025-C004-000005.

Tamén se acorda a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da subministración dunhas gradas na praza Maior para a celebración de actividades do Entroido 2025 e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2025-C004-000006.

Tamén se acorda aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación dun servizo de organización da actividade de senderismo para a programación de xuventude e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2025-C003-000001.

3. FOMENTO.- Acórdase a formalización de convenio de colaboración para o nomeamento de instrutor nun procedemento disciplinario ao respecto do oficial da policía local do concello de Viveiro (Dehú).

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

4. EDUCACIÓN.- Acórdase a convalidación do Decreto da Alcaldía núm. 9027/2024 do 03/10/2024 no que se aprobaron as bases do 30º certame de contos e relatos curtos Trapero Pardo.

5. CULTURA.- Acórdase a desestimación na resolución do recurso de reposición presentado por traballadores da banda/escola municipal de música contra o decreto 12083/2024 de data 17 de decembro de 2024 que aproba a instrución para regular o proceso extraordinario de renovación da xunta directiva da Escola Municipal de Música.

Fóra da orde do día

- Aprobación do proxecto denominado “Aqua Vita” para concorrer á terceira convocatoria de concesión de axudas de elaboración de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga.

- Contratación da subministración -mediante aluguer- e retirada de valos para as actividades culturais. Aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado. Apertura do procedemento de adxudicación.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.